



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa Santiago, 2
15810 Arzúa
A Coruña
Telf: 981 50 00 00

ACTA

En Arzúa, a 10 de maio de 2018.

Ás **09.10 horas**, reúnense na dependencia destinada a Secretaría dentro da Casa do Concello, os membros integrantes da Comisión Seleccionadora que cualificará a **proba práctica** da fase de oposición do proceso de selección, mediante concurso-oposición, para poder seleccionar á persoa que será contratada para desempeñar o posto de traballo de **asesor xurídico do Centro de Información á Muller**, na modalidade de contrato de interinidade a tempo parcial, cunha xornada laboral de doce horas semanais, por un período de tempo que comprenderá ata que se reincorpore a traballadora que foi contratada no seu momento para desempeñar o posto de traballo, cuxa traballadora se atopa na situación de excedencia forzosa ao pasar a desempeñar un cargo público; e iso, de conformidade coas Bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 21 de novembro de 2017.

Asisten a este acto os catro membros da Comisión Seleccionadora que deseguido se indican, por canto que a vogal Ana Vallo Camba (*axente de emprego e desenvolvemento local do Concello de Boimorto*) non puido comparecer.

* Presidenta: D^a. Ana Ramos Ramos (*secretaria do Concello de Pontedeume*).

*Vogais:

- D^a Mónica Seijas Rey (*axente de emprego e desenvolvemento local do concello de Toques*)

- D^a Guadalupe Vázquez Ascariz (*traballadora social do Concello de Toques*).

*Secretario: D. Juan Colmenares López-Soldado (*secretario do Concello de Arzúa*), que actúa con voz e voto.

E visto que existe o quórum suficiente para a válida constitución da Comisión Seleccionadora, --de conformidade co disposto no artigo 17 n^o 2 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público; a presidenta procedeu a declarar constituída dita Comisión.

Acordando os catro membros integrantes da Comisión Seleccionadora, que -con carácter previo- se resolvese a petición presentada o día 27 de abril de 2018, mediante o Sistema de Interconexión de Rexistros, pola aspirante Begoña Rodríguez Fernández, a través de cuxo escrito impugnaba a primeira pregunta do primeiro exercicio teórico da fase de oposición, que foi realizado o día 24 de abril de 2018; por considerar a aspirante que esa primeira pregunta tipo test, do referido exercicio teórico, se corresponde co contido do Título X da Constitución “Da reforma Constitucional”, que non era temario do exame, ao non indicarse de forma específica e clara que era obxecto do temario a totalidade do contido do texto constitucional; senon que, ao contrario, se especificou un determinado título e capítulos que non se corresponden coa pregunta de exame

impugnada.

Polo que solicita a anulación de dita primeira pregunta e a súa substitución pola primeira pregunta de reserva.

(Sendo o texto desa primeira pregunta, agora impugnada, o seguinte:

1ª Para unha reforma do Título III da Constitución se esixe:

a) Maioría de 3/5 de cada unha das Cámaras e referendo.

b) Maioría de 2/3 de cada unha das Cámaras, e referendo se así o solicita unha décima parte dos membros do Congreso.

c) Maioría de 3/5 de cada unha das Cámaras, e referendo se así o solicita unha décima parte dos membros de calquera das Cámaras.

d) Ningunha das anteriores é correcta.)

Tras o estudio da petición formulada pola aspirante Begoña Rodríguez Fernández, os tres membros que integraran a Comisión Seleccionadora o día 24 de abril de 2018, en que foi cualificado o exercicio teórico da fase de oposición, adoptaron -por unanimidade -o seguinte acordo: Desestimar a alegación, en canto a que o primeiro epígrafe do Tema 1º non ten un contido meramente enunciativo, senón que é parte do temario do exame, e nel inclúese a Constitución de 1978; sen limitarse a ningún título concreto senón ao coñecemento xeral do texto constitucional.

Faise constar que a reclamante, na súa exposición, non tivo en conta que cada epígrafe ten contido propio e por tanto o epígrafe sobre a Constitución habilita no seu conxunto a formular preguntas sobre o procedemento de reforma como parte do programa.

Tras quedar resolta a reclamación anterior, sendo as **9.30 horas**, os catro integrantes da Comisión Seleccionadora decidiron elaborar os dous supostos prácticos (*sobre materias do programa incluído nas bases de proceso de selección*), de maneira que cada aspirante presentado poidera optar por elixir cal deles quería desenvolver; sendo tales supostos os seguintes:

1º Emita informe xurídico en relación cun suposto de violencia de xénero con cargas familiares e sen domicilio familiar. Especificamente indique os recursos cos que se pode contar no caso concreto.

2º Elabore as liñas básicas do Plan de protección integral contra a violencia de xénero do Concello de Arzúa.

Unha vez determinados cales serían ambos supostos prácticos, pola presidenta procedeuse a facer catro fotocopias, contendo o texto deses dous supostos as instrucións que se terían en conta na resolución do suposto práctico que elixise cada unha das catro aspirantes que compareceron para a súa realización.

As cales atopábanse esperando, fóra do Salón de Comisións onde se ía realizar ese exercicio; polo que, sendo as **10.20 horas**, se procedeu a chamalas, asignándolles un espazo dentro da mesa existente en dito Salón; de maneira que unha vez quedaron ubicadas procedeuse a entregarlles a fotocopia contendo os dous supostos práctico e as instrucións (*que coinciden coas previstas na Base 7ª do proceso de selección respecto a esta proba práctica*).

Informándolles a presidenta da Comisión Seleccionadora que dispoñían de corenta e cinco minutos para poder resolver o suposto práctico que elixisen, dende as **10.35 horas** ata as **11.20 horas**.

Comprobando que non compareceu a realizar este exercicio a aspirante Begoña Rodríguez Fernández.

Unha vez que rematou o prazo **dos corenta e cinco minutos** concedidos, as catro aspirantes

entregaron os exercicios realizados; polo que acto seguido a Comisión Seleccionadora decidiu que, para a valoración de cada exercicio, estes foran lidos en alta voz pola presidenta de dita Comisión, para proceder seguidamente a súa cualificación en base aos criterios adoptados pola Comisión Seleccionadora.

Como resultado da corrección dos supostos prácticos realizados, a Comisión Seleccionadora -por unanimidade dos seus catro membros integrantes-, outorgou as seguintes puntuacións:

Nome e apelidos	Puntuacion proba practica
Begoña Riveira Barros	20
Silvia Miguez Pereira	16
Carolina Fernández Mosquera	16
Silvia Caramés González	14

Tras considerar oportuno repasar as puntuacións outorgadas, adoptouse -por unanimidade dos catro membros da Comisión Seleccionadora- os seguintes acordos:

Primeiro.- Ratificar as puntuacións que quedaron indicadas, para cada unha das catro aspirantes presentadas, e publicar no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello unha copia da acta estendida desta reunión, para que as interesadas poidan coñecer cales foron as puntuacións obtidas neste segundo exercicio, de carácter práctico, da fase de oposición.

Segundo.- Ao obter as catro aspirantes unha puntuación superior aos 12,50 puntos, esixidos na Base 10ª para non quedar eliminadas; facerlles saber que -ao acreditar que estaban en posesión do Celga 4 ou equivalente- estarían exentas de realizar o terceiro exercicio da fase de oposición, sobre coñecemento do idioma galego; obtendo en dito exercicio a puntuación máxima de 5 puntos cada unha delas, por vir así previsto para tales casos na Base 10ª das que rixen o proceso de selección.

Terceiro.- Concretar que a puntuación final, obtida por cada aspirante neste proceso de selección, virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na valoración dos méritos acreditados na fase de concurso, e nos exercicios teórico e práctico da fase de oposición; polo que, despois de realizadas esas sumas, as puntuacións obtidas polas catro aspirantes que superaron o proceso de selección foron as seguintes:

	Nome e apelidos	Valoracion de méritos	Exercicio teórico	Exercicio práctico	TOTAL
1	Begoña Riveira Barros	34	21,25	20	75,25
2	Silvia Miguez Pereira	7,23	18,5	16	41,73
3	Carolina Fernández Mosquera	3,6	18,25	16	37,85
4	Silvia Caramés González	1	16,75	14	31,75

Cuarto.- Formular ao alcalde a proposta de contratación como asesora xurídica do Centro de Información á Muller, na modalidade de contrato de interinidade, a favor da aspirante que obtivo a máxima puntuación, que resultou ser **Begoña Riveira Barros**; co obxecto de realizar as funcións previstas na Base 1ª das que rixen o proceso de selección, ata que se reincorpore a traballadora que foi contratada no seu momento para desempeñar o posto de traballo, a cal se atopa na situación de excedencia forzosa ao pasar a desempeñar un cargo público.

Quinto.- Concretar que, para o suposto de que a aspirante proposta como asesora xurídica

do CIM, non poidese acreditar -dentro dos tres días previstos na Base 12ª- os requisitos necesarios para realizar a súa contratación, ou renunciase a ser contratada; a proposta de contratación agora realizada trasladarase a favor da seguinte ou seguintes aspirantes, pola orde de puntuación total obtida.

Sexto.- Dispor a súa publicación no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello dun exemplar da presente acta e na páxina web do concello:

a) Para coñecemento das interesadas, e aos efectos de reclamacións ou de calquera outro posible acto impugnatorio, e

b) Para determinar o inicio do cómputo do prazo de tres días hábiles (a partir do seguinte ao da publicación desta acta), co obxecto de que a aspirante proposta poida presentar a documentación esixida na Base 12ª das que rixen a oposición.

Co cal douse por rematado o acto, as **11.50 horas** do indicado día; estendéndose a presente acta, para ser subscriuída polos membros da Comisión Seleccionadora e para constancia no expediente; do que dou fe.